Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✦ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Cocos, monstros

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Tártalo

Tardo, trasno, demo burlón. Ser de baixa estatura, nariz chato, cornos pequenos na cabeza e pezuños nos pés. Transformista que enreda, xeralmente dentro das casas, e que goza facendo burla dos seus moradores. Pode aparecer en figura de cabalo ou ovella no medio dun camiño, simular ruídos dentro dunha casa amargándolles a noite aos propietarios ou tomar o aspecto dun toro de madeira que logo pode virarse demo, ovella ou mollar as costas de quen o carrexa.

Resulta ben curioso o rexistro desta denominación para un ser mítico destas características, cando na mitoloxía popular vasca se designa co mesmo nome a un ser xigantesco, antropófago e terrorífico semellante aos nos Alarbios.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO ALONSO, María. *De mouras, tártalos e acompañamentos: un estudo da tradición oral da parroquia de Coruxo (Vigo)*, en Madrygal 2011, 14, páx. 131-138.

Reigosa, Antonio (ed.) (2020): Guía de campo da Galicia Encantada. Dos seres míticos e dos lugares que habitan. Vigo: Edicións Xerais de

Galicia.